



ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/049

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2024-162223OB-I00

Título: Alineación motivacional autónoma e robusta en robots (KARMA-Robots)

Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Robótica autónoma e sistemas intelixentes

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/04/2026 FIN: 31/08/2028

CENTRO Inv. Principal: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

OBXECTO DO CONTRATO:

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Laboratorio do Grupo Integrado de Enxeñaría, Edificio de Talleres Tecnolóxicos, de luns a vernes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))

Investigador/a contratado/a doutor/a ☐

Axudante de apoio á investigación ☐

Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir

Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐

Colaborador/a de investigación ☒ MECES 2

Axudante administrativo/a ☐

Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir

XORNADA Tempo Completo: ☒

Tempo Parcial: ☐

DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/04/2026

TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐

Duración determinada ☒

DATA FIN CONTRATO: 31/03/2027

RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.100 €/mes (incluíndo a parte proporcional de paga extraordinaria) *

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599251237 541A 6490206

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensuralidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, grao ou equivalente

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Richard J.Duro (CAT-UN), Rosa Ríos Prado (C-DOU), José Antonio Becerra Permuy (TIT-UN), Suplentes: Francisco Javier Bellas Bouza (CAT-UN), Sara Ferreño González (AX-DOU) y Alejandro Romero Montero (AX-DOU).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumpriran o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 15 de xaneiro de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: José Antonio Becerra Permuy



Firmado
digitalmente por
BECERRA PERMUY
JOSE ANTONIO -
DNI 32663236Q
Fecha: 2026.02.17
17:42:50 +01'00'

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS A REALIZAR

O obxecto do presente contrato é a colaboración nas liñas de investigación do proxecto arriba mencionado, centradas no estudo e desenvolvemento de mecanismos de aliñación entre humanos e robots autónomos. En particular, o obxectivo é o desenvolvemento dun sistema de aliñación humano-robot que permita traducir os propósitos de usuarios, xeralmente non expertos, en motivacións internas dentro do sistema motivacional do robot, de forma que ditas motivacións sexan comprensibles para o propio sistema robótico e poidan transformarse en obxectivos concretos a alcanzar nos distintos entornos de operación.

Para o cumprimento deste obxectivo xeral, o contrato contempla a realización das seguintes actividades:

1. Desenvolvemento de mecanismos de aliñación humano-robot na arquitectura cognitiva e-MDB, baseados en modelos de linguaxe de gran escala (LLMs), con especial énfase na aliñación a nivel do sistema motivacional do robot. Estes mecanismos estarán orientados a:

- A interpretación de propósitos e directrices expresadas por usuarios humanos.
- A súa tradución a motivacións internas coherentes co funcionamento do sistema cognitivo do robot.
- A posterior xeración de obxectivos operativos adecuados ao contexto e entorno de actuación.

2. Implementación completa dos mecanismos desenvolvidos no entorno ROS2, garantindo a súa correcta integración cos distintos módulos do sistema robótico e a súa operatividade en escenarios reais e simulados.

3. Validación experimental dos mecanismos de aliñación desenvolvidos, mediante a realización de experimentos tanto en simulación como con robots reais, nos seguintes dominios de aplicación:

- Museos e entornos sociais.
- Escenarios de seguridade e vixilancia.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Requisitos

- Titulación requirida: Licenciatura, grao ou equivalente.
- Experiencia demostrábel en robótica autónoma ou intelixencia artificial que se poderá acreditar mediante cursos, proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou máster, etc.
- Experiencia demostrábel no desenvolvemento de sistemas de interacción e/ou aliñación humano-robot baseados en LLMs que se poderá acreditar mediante proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou máster, etc.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

- Experiencia demostrábel no desenvolvemento de solucións prácticas con Python, que se poderá acreditar mediante proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou máster, etc.
- Obter máis de 40 puntos nos criterios de selección que se especifican a continuación. O posto podería quedar deserto se ningunha das persoas candidatas superase este límite.

Criterios de selección (máximo 50 puntos)

- A. Expediente da titulación superior (grao, licenciatura ou enxeñaría en mecánica): máximo 20 puntos. Se a titulación é afín, a puntuación obtida multiplícase por 0,5. Outras titulacións non puntuarán neste apartado.
- B. Experiencia en proxectos de investigación ou desenvolvemento relacionados coa temática da praza (5 puntos por ano ata un máximo de 10 puntos).
- C. Publicacións científicas relacionadas coa temática da praza (ata 5 puntos por publicación JCR e ata 3 puntos por congreso internacional, en función do seu índice de calidade, con un máximo de 5 puntos).
- D. Coñecemento de inglés: máximo 5 puntos (desde 2 puntos por nivel de A1 a B1. Puntúase con 4 puntos o nivel B2 e con 5 puntos o nivel C1-C2).
- E. Entrevista persoal: máximo 10 puntos. Entrevista persoal aos tres candidatos máis valorados nos puntos anteriores. Valorase a adecuación do currículo vitae ao posto de traballo. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, polo menos, 48 horas de antelación.

Notas:

- Calquera mérito non xustificado debidamente non se terá en conta e en caso de ser necesario poderá solicitarse ás persoas candidatas documentación xustificativa adicional.
- Elaborarase unha lista de espera coas persoas candidatas que obteña unha puntuación superior a 40 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículo vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*